

O TREMOAL

Un xornal de tod@s para tod@s

Lourenzá - 19/6/20




Este curso tan curto, foi o máis longo da nosa vida. Os **sentimentos** cobraron todo o protagonismo que deben ter na educación. E o desexo de volver vernos foi a nosa luz no horizonte.

Tamén deixou patente a necesidade de que **todos e todas colaborem** para alcanzar o fin común da educación e do benestar. Pensamos, máis que nunca, nas emocións e en facer felices aos nosos.

O mundo encheuse de arcos da vella, demostrando que trala tormenta sae o sol. As mensaxes de apoio e ánimo inundaron os nosos corazóns. E, de repente, **convertémonos nunha sóa persona**, consciente, responsable, empática, amiga.

Desexamos aprender destes momentos da vida nos que nos volvemos vulnerables e pensamos nos demais. Desexamos que os abrazos e bicos nunca máis volvan estar desaconsellados. **Desexamos que as aulas nunca máis queden vacías e os corredores en silencio.**



Somos un equipo!

A nosa labor e a vosa rutina viuse truncada, pero aprendemos que **todos e todas xuntas somos mellores**, e que remamos na mesma dirección.

Comezamos...

...E facémolo polo... **DÍA DAS BIBLIOTECAS**. E como íamos celebralo? Pois cun conto, pero non un calquera, senón con...


“O conto máis longo do mundo”



As nosas compañeiras e compañeiros de 6º saben do que falan

Todos os grupos participamos na súa elaboración con debuxos e manualidades.
E os maiores amenizáronnos cunha divertida dramatización para explicarnos a historia dos contos.
Pasámolo xenial!






Dicir **NON** é imprescindible. Non ferimos a naide. Non nos ferimos a nós mesmas e mesmos. Nunca digas “vale” cando queiras dicir **NON**.

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Esta foto representa só unha pequena parte de todo o marabilloso traballo de información que co noso alumnado se realizou. É unha data moi importante. Educamos mentes e corpos libres.



No blogue da Biblioteca (<https://acasadefabola.blogspot.com/2019/11/chorache-carolina.html>) podedes ver un emotivo vídeo sobre a violencia de xénero realizado polos nenos e nenas de Primaria. “Choraches Carolina?”

E como se nada... **CHEGOU O NADAL!** E todos os grupos nos enfrascamos en facer unha felicitación tan fermosa que alegrase todos os vosos fogares nestas datas tan especiais.

Podedes recordala na seguinte ligazón: <http://primariajuanrey.blogspot.com/2019/12/bo-nadal.html>

Pero foron moitas as iniciativas que levamos a cabo. Como a de recuperar unha figura tipicamente galega, de terras do Caurel, que deixaba castañas aos nenos e nenas que apenas comeran e un agasalliño feito de madeira.

O APALPADOR



De aí a nosa idea de pedirvos xoguetes con material de refugallo.

Cada actividade está marcada por **valores** tan esenciais como o cuidado da natureza.

Fómonos de merecidas e ilusionantes vacacións e volvemos coas pilas cargadas para celebrar nada máis e nada menos que...

O DÍA DA PAZ



As ideas fervían nas nosas cabezas. Un día de tanta relevancia había que celebralo como se merece. E desfrutamos de actividades de tal envergadura como...

A construción do
**POBO DA
PAZ**



E a simulación aun
**CAMPO DE
REFUXIADOS**

E, nun suspiro, chegou unha nova conmemoración. Unha especialmente galega. Unha tremendamente importante para a nosa **cultura**. O día dunha muller que loitou contra os estereotipos e por darlle á nosa lingua e á nosa terra o lugar que merece.

O DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

E, desde **Infantil**, pareceunos unha gran idea crear o **universo de Rosalía**, recordando que lle puxeron o seu nome a unha estrela recentemente descuberta. Asíque inundamos a ventá da zona dos pequetch@s de estreliñas decoradas con versos do seu poema "En las orillas del Sar" (traducido ao galego), pois o planeta que a orbita leva o nome Sar.

Invitámosvos a ver o vídeo feito por todos os nenos e nenas de infantil no noso blogue ou páxina web.



Ademais, os maiores fixeron un traballo de investigación baixo o fermoso lema "**Eu son libre**", no que puxeron os seus propios deseños ás portadas dos seus libros máis coñecidos e elaboraron un vídeo bibliográfico da autora con debuxos e recortes, creando unha composición

moderna e atraínte, que podeades ver na seguinte ligazón:

<https://acasadefabola.blogspot.com/2020/02/actividades-rosalia-2020.html>



O ENTROIDO

Non houbo paxaro que se achegara ao colexio!

Este ano celebramos o Entroido ao máis puro estilo dos campos galegos. O meco plantouse na entrada e deunos instrucións claras do que tiñamos que traer posto cada día. Así, pouco a pouco, fomos montando o disfrace para a festa do venres. Ademais...




I Concurso de máscaras venecianas
CEIP Juan Rey - Centro de día de Lourenzá
I Obradoiro de disfraces para o desfile
“A festa da faba”

DÍA DA MULLER

Todas as palabras sobran neste día de marcada relevancia. Un día sinalado no almanaque para homenaxear a inmensa loita das nosas devanceiras polos nosos dereitos. E a continua loita por conseguir a igualdade de xénero. É xustamente nestas idades cando hai que sementar valores de respecto e igualdade.





Neste punto... a nosa actividade viuse truncada por un virus extraño con ansias de gobernar o mundo cunha coroa que lle daba moito poder.

Pero non... somos un equipo de superheroes e superheroínas e nada pode con nós.

Encerrámonos nas nosas casiñas e sen corpos que infectar o Corovirus fíxose máis débil e podemos volver a saír.

Iso si... aprendemos moooooito, entre outras cousas, **A IMPORTANCIA DA FAMILIA E DE SER UNHA COMUNIDADE UNIDA!**

E, como non somos de quedarnos cos brazos cruzados a esperar, seguimos traballando para dar á luz maravillas como as seguintes.

O LABORATORIO NA CASA

OS EXPERIMENTOS DE 5º

Neste confinamento as nosas casas convertéronse en todo tipo de sitios, desde ximnasia, ata clases. Pero para a clase de 5º tamén se converteron nun laboratorio científico.

Cada semana, na videoreunión semanal dos xoves, os alumnos propoñían os seus experimentos e comentabamos os resultados destes. Ás veces as experiencias saían mal e entre todos achabamos que sucedera e propoñíamos solucións; noutras ocasións a cousa saía magnificamente e tiñamos os resultados desexados. En total realizamos uns 8 experimentos.

Empezamos cun sinxelo, **Obxectos que flotan e non**, neste descubrimos como a variación do tamaño pode axudarnos a soste algo que non flota ou que cambiando a densidade do líquido os obxectos que flotan ou se afunden varían.



O segundo experimento foron os **cristais de sal**, aquí os resultados variaron un pouco debido a que non botamos a cantidade de sal adecuada, pero despois de intentalo un par de veces, varios conseguiron cristais asombrosos. O truco estaba en disolver moito o sal e mesturar sal fina con grosa, para que se fixera máis rápido. Ademais de deixarlle unha boa capa de sal no fondo.

O terceiro experimento, foi o **slime**, moitos xa o fixeran nas súas casas con anterioridade e cada un tiña as súas propias receitas. Neste descubrimos as propiedades do bicarbonato e da espuma de afeitar, e que medir os ingredientes é imprescindible para chegar ao éxito.



O cuarto e quinto experimentos estaban relacionados cos ovos, nun deles observábanmos o que xa sabíamos da densidade cun ovo e no outro convertíamos un **OVO en**


saltarín, deste último o que temos é o vídeo da profe rompendo o ovo na mesa da súa cociña.



bastantes similares, co vinagre e o bicarbonato o globo conseguía maior tamaño en menos tempo.

O sexto e o sétimo tiñan que ver con reaccións, nun deles tiñamos ao bicarbonato e ao vinagre, que como xa sabemos ao xuntalo dan o CO_2 que provoca que se infle o globo; e noutro esa mesma reacción pero esta vez xuntabamos o vinagre con cáscara de ovo, nesta experiencia os resultados foron

O último experimento que fixeron os alumnos de 5º foi unha **catapulta**.



Creatividade sen límites

Pese a estar na casa durante moito moito tempo, non nos esquecimos de que podíamos soñar e saír grazas á nosa imaxinación. Foron moitas as propostas de Arts and Crafts que fixemos ao longo destes meses e como o gran

Albert Einstein recoñecía “nos momentos de crise a imaxinación é máis importante que o coñecemento”




DÍA DO LIBRO

Ainda que tivessemos que quedar na casa... o Día do Libro é unha data moi sinalada no noso almanaque. E máis depois de todo o traballo realizado polos nosos nenos e nenas. Asíque... na páxina web e no blogue do centro pódense ver varios vídeos-contaconto.

Comezamos polo *Conto Viaxeiro* “A variña escacharrada”, escrito e ilustrados por todo o alumnado do colexio...



... Seguimos con tres *contacontos* das nenas e nenas de El...



O monstro de cores



Colores



A bruxa regañadentes

... E rematamos coas “Mulleres de portada” de 5º



Unha escenografía esquisita!

AS NENAS E NENOS DE 4 ANOS CRUZARON O OCÉANO

Á clase de 4 anos
chegou un extraño
animal.



Grufalo se facía chamar.



Tanto nos toleou
que ata o Amazonas
nos levou

Ata o Amazonas, oíchedes ben



RECEITARIO ALIMENTATE BEN: OS LÁCTEOS



Desde as nosas caseiras, tod@s xunt@s demos un grande exemplo ao unirnos para levar a cabo actividades como esta do Receitario Lácteo.

Familias unidas e comprometidas.

Non temos máis que darvos as **grazas** por facer posible que as nosas propostas non fosen en balde.

Porque a educación é responsabilidade de tod@s!

Pero isto non remata aquí...

Feliz verán a tod@s! Vémonos á volta con moitas ganas de retomar todo onde o deixamos!

E moita sorte para @s nos@s maiores!



Volvede visitarnos!


AGRADECIMENTOS

EQUIPOS DE:

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E
COMPLEMENTARIAS

BIBLIOTECA

TICS



PROFES E DEMAIS PERSOAL



ALUMNADO



CONCELLO



FAMILIAS